

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 29 de xuño, ás DOCE horas.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación das actas das sesións plenarias seguintes: ordinaria nº 7/2018, do 25 de maio e extraordinaria nº 8/2018, do 8 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia, desde o 22 de maio de 2018 ata o 25 de xuño de 2018.

### **Comisión de Cultura e Normalización Lingüística**

3.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para a Promoción da Música correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2018.

### **Comisión de Deportes e Mocidade**

4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o mantemento dos equipos das categorías base do club no ano 2016.

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Parrulo Fútbol Sala correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na 2ª división da LNFS e na Copa do Rei, no ano 2017.

### **Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero**

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comité Ciudadano Antisida de Coruña para financiar o "Mantemento da rede de pisos de acollida, ano 2018".

### **Comisión de Promoción Económica e Emprego**

7.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Confederación de Empresarios Eume e Ortegal (COFER) para financiar o proxecto "Actuacións 2017".

### **Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

8.- Deixar sen efecto a inclusión da obra DP 1914 Mellora da seguridade viaria na DP 1914 ao seu paso pola travesía de Bembibre PQ 21+860 ao 22+190 (Val do Dubra) incluída no Plan de investimento de vías provinciais 2017, 6ª fase, debido ás alegacións formuladas na fase de exposición pública que dan lugar á redacción dun proxecto modificado nº1 e aprobar inicialmente o Plan de travesías 2018 2ª fase.

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**

9.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Camiño de Masusao a Lema e outros" do Concello de Arzúa, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3110.0113.0.

10.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Mellora de camiños nas parroquias de Dorneá, Boimorto, Corneda, Rodieiros e Andabao” do Concello de Boimorto, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.2100.0123.0, e aprobación definitiva desta obra.

11.-Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Eliminación de verteduras de augas fecais no Carril (Barallobre) e instalación de illas ecolóxicas na Avenida Marqués de Figueroa” do Concello de Fene, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.2100.0025.0, e aprobación definitiva desta obra.

12.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Execución de dous baños e vestiarios accesibles e cubrir patio de acceso aos vestiarios no pavillón municipal do Cristo” do Concello de Mugaros, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015 co código 2015.3110.0289.0.

13.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Acondicionamento da praza pública en Ponte Noval” do Concello de Ortigueira, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 4ª e derradeira fase (código 2015.3110.0308.0).

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fene para o financiamento da obra de “Reposición de saneamento no camiño do Sartego (dende Avda. Naturais ata Camiño Casanova) e aglomerado da rúa Fontenova.

15.-Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Cisterciense Orde de Santa María de Sobrado dos Monxes para o financiamento da “Rehabilitación de parte da cuberta do claustro de peregrinos do Mosteiro de Santa María de Sobrado”.

#### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

16.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de maio de 2018 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de maio de 2018.

17.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31.05.2018 e proxección á 31.12.2018.

#### **ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS**

-Moción do Grupo Provincial Popular sobre apoio aos concellos na protección de datos e na aplicación das medidas recollidas no Real Decreto 424/2017.

#### **ROGOS E PREGUNTAS**